



Concello de Baralla

BANDO

D. MIGUEL GONZÁLEZ PIÑEIRO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BARALLA (LUGO).

FAI SABER:

Que o día 26 de decembro de 2023 publicouse no Diario Oficial de Galicia (DOGA) O Decreto 150/2023 de 25 de decembro de 2023, de disolución do Parlamento de Galicia e de **CONVOCATORIA DE ELECCCIÓNS**, de conformidade co disposto no artigo 39.2 da Lei Orgánica 5/85, do 19 de xuño, expóñense ao público as **LISTAS DO CENSO ELECTORAL**.

Con motivo da convocatoria de **Eleccións ao Parlamento de Galicia**, que serán o **día 18 de febreiro de 2024**, os electores que así o desexen poden acudir ás Oficinas do Concello para consultar os seus datos das **Listas do Censo Electoral**, e, de ser o caso presentar as reclamacións contra a súa exclusión, inclusión ou modificación de datos.

O prazo **para a consulta das LISTAS DO CENSO ELECTORAL** será desde o **1 de xaneiro de 2024** ao **8 de xaneiro de 2024**, ambos incluídos.

Para a consulta de datos será necesario a acreditación da identidade, a través da presentación do DNI, pasaporte ou permiso de conducir (documentos orixinais nos que apareza a foto do titular).

As reclamacións poderán presentarse desde o Concello ou na Oficina do Censo Electoral.

Baralla, 2 de xaneiro de 2024

O ALCALDE

Asdo. Miguel González Piñeiro

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

